

Ao departamento de seguridade do Concello de Vigo

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A MONTAXE E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS DESMONTABLES:

D., maior de idade, con D.N.I. número, e domicilio a efecto de notificacións en, actuando en representación de, na súa condición de, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

(a) que, na condición que expreso, o titular da Instalación desmontable que de seguido se identificará, pretende proceder á súa posta en funcionamento dentro do recinto que resultou expresamente autorizado por esa Administración municipal para a celebración do seguinte evento:

- Identificación do evento:
- Datas e ano da celebración:
- Número de solicitude:

(b) que a instalación desmontable obxecto desta Declaración responde á seguinte denominación e características:

Denominación:

Características (incluír descrición detallada da instalación):

.....
.....

(c) que dispoño da documentación que acredita o cumprimento de tódolos requisitos establecidos en la normativa vixente para o exercicio da actividade,

(d) que dispoño dun Seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 150.000€, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, para responder dos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens,

(e) que a instalación posúe a MARCACIÓN CE de conformidade¹ ou proxecto técnico, e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede (so no caso en que requira dun funcionamento eléctrico de conexión á rede).

(f) que a instalación conta cun Certificado de revisión anual no que se inclúe a revisión e mantemento dos elementos mecánicos de funcionamento (sistema pneumático, eléctrico, hidráulico, combustión...) así como dos elementos da estrutura en movemento asinado por técnico competente.

(g) que a responsabilidade técnica da montaxe da instalación corresponde a o cal certifica o mesmo.

(h) Que me comprometo, unha vez montada a instalación, a estar en posesión da correspondente certificación ou actas de verificación ou de control de funcionamento e de revisión, e a exhibilas a requirimento dos axentes da autoridade.

(i) que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente á posta en funcionamento da instalación.

Asinado:

¹As instalacións de equipos INCHABLES (Equipos de xogo destinados a ser utilizados por nenos de catorce anos ou menos baseado no subministro de aire continuo para manter súa forma, na cal ou sobre a cal os usuarios poden xogar, botar e/ou deslizarase) a marcación CE especificará **a)** o número de serie do inchable, **b)** seu nome ou denominación e, **c)** un texto acreditando que cumpre a normativa de construción do mesmo.

.....

A presente declaración responsable faculta ao declarante para a montaxe e posta en funcionamento da atracción, de conformidade co disposto no artigo 40.5 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Non obstante, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que incorporado á declaración responsable, así como a non presentación da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

* * * * *

A presente declaración responsable é recibida polo promotor do evento, quen comprobou a veracidade dos datos consignados polo titular da instalación.

O Promotor do evento.

Data:/...../

Asdo.: ,